



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
Escusa asistencia	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (22/03/2017).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado vinte e dous de marzo que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre proposta de homenaxe a don Mariano Lema Pérez presentada polo BNG-AA Vedra.

Déixase pendente para o seguinte pleno.

3º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 1º trimestre de 2017.

Dáse conta do Período Medio de Pago do 1º trimestre do ano, calculado de acordo co establecido no real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, que é de 7,48 días.

O Pleno dáse por informado.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre as obras complementarias da urbanización de A Torre, a Presidencia di que a raíz desa obra a Asociación de veciños de San Xián e veciños particulares solicitaron melloras que non estaban no proxecto; fundamentalmente o abastecemento de auga a un grupo de vivendas que estaban na parte de arriba e a mellora da recollida de augas pluviais mediante cunetas de



formigón e tamén cun sistema soterrado de recollida de pluviais, así como pequenos tramos de asfaltado.

-- Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o roubo na nave de Trobe, a Presidencia contesta que eran conscientes. Que se deu parte á Garda Civil e ao seguro. Xa está todo feito, pero tardou un pouco máis do previsto debido á peritaxe da compañía de seguros, ter que encargar as ventás. Ten que reunirse cos veciños para atopar unha solución, porque vai chegar un momento no que a compañía de seguros non se vai facer cargo e verán que solución se lle vai dar a unha situación que non é culpa nin dos veciños de Trobe nin do concello.

-- Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o catálogo de camiños, a Presidencia di que toman nota e a medida que se vaian revisando os núcleos e as aliñacións é cando van ir realizando ese catálogo.

-- Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre a praza de limpadora e da brigada de obras, a Presidencia responde que os Presupostos Xerais do Estado non lles permitiron sacar esas prazas; a ver que pasa este ano, xa que dependen de Madrid. De todos os xeitos é un tema que falarán entre todos os grupos.

-- Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre o que acontece co Entroido de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez.

O Sr. Vázquez Martínez di que dende a comisión de festas decidiron organizar eles os atranques o sábado de carnaval coincidindo co xantar que tiñan previsto tamén. É unha iniciativa da comisión de festas que é de agradecer porque sempre se quixo recuperar esta tradición, e parécelle ben que sexan as asociacións as que leven a iniciativa e o protagonismo aínda que dende o concello se colabore como se fixo tamén este ano.

Ademais coincidía que o centro social estaba en obras, que era onde tiñan pensado celebrar o baile de disfraces, e o que se fixo foi organizalo na Casa das artes en San Fins. Esperan que para o ano 2018, ben por iniciativa da comisión de festas ou asociación de veciños ou polo concello, o Entroido volva á normalidade.

-- Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre o tema das substitucións de persoal e se existe lista de agarda para cubrilas, a presidencia di que na comisión desta semana presentouse un borrador de bases reguladoras para a selección de persoal mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal, que cre que é o máis axeitado. Espera que entre todos fagan as achegas a ese borrador. Espera reunirse a semana que vén co resto dos grupos e pechar as bases para que estean listas o máis pronto posible.

-- Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre a pista polideportiva do pavillón a Presidencia di que xa está contestada.

-- Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre colgar os vídeos das sesións do pleno en Youtube a Presidencia contesta que hoxe están a facer unha proba e que se todo vai ben o seguinte pleno xa se colgará na rede.

Ás preguntas 5ª e 6ª a Presidencia manifesta que respecta o que di, pero que non o comparte porque non se acolle á realidade; en todo caso son comentarios ou opinións, non preguntas.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre a negociación entre un veciño de Sarandón e o seu empadramento a Presidencia di que é un comentario que non comparte.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre o servizo de normalización lingüística e o campo de traballo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Vázquez Martínez do PP respecto do servizo de normalización lingüística manifesta que as funcións desta área son o asesoramento lingüístico interno, a revisión e corrección de documentos administrativos, actas, boletín, bandos, información da web, etcétera. A maiores, en colaboración con outras entidades, realízanse actividades que fomentan o uso do galego. No ano dous mil dezaseis, con motivo do Día das Letras Galegas, organizouse a exposición “Historia da imprenta”, un espectáculo infantil “Os Bolechas van ás Olimpíadas” do programa Falaredes da Xunta de Galicia. A maiores, dentro das actividades da Terceira idade houbo unha actuación da Coral da Terceira Idade, da escola de música de Vedra e un acordeonista (Juan Ruibal).

Realizáronse campañas de fomento do uso do galego como a campaña de promoción do galego nos establecementos hostaleiros “Tabernas da Ulla.

Fíxose unha campaña de fomento do uso do galego na que se repartían mochilas e bolsas aos nenos que participaron en actividades do concello nos diferentes festivais dos centros educativos, sempre cun lema en galego.

Fíxose no CPI de Vedra un obradoiro de radio do que saíu un programa de radio chamado “Somos Vedra”, onde un dos obxectivos era que todos os nenos falaran en galego no programa.

Di que promoven o uso do galego cando colabora coas distintas asociacións do concello na organización de actividades ou eventos como pode ser o ciclo de cinema en galego que organiza a Asociación Senunpeso ou o certame de contos en galego da Asociación San Campio, e en todas as actividades organizadas dende o concello que son moitas e en todos os rangos de idade (nenos, mozos e maiores).

O Sr. Vázquez Martínez continúa dicindo que non obrigan a ninguén a falar en galego, senón que promoven e fomentan o uso do galego, pero sen imposicións.

Nas axudas que se van convocar para as asociacións municipais valorárase e puntuárase o uso do galego nas súas actividades. Sobre as actividades e campañas que se levan a cabo dende o concello non valora se son moitas ou poucas, se son efectivas ou non. Di que a mellor campaña de momento do uso da lingua galega é falar en galego, como se está a facer aquí. Di que nunca se pode dar por satisfeito e sempre se pode mellorar e a así o intentan cada día.

Respecto á pregunta sobre a cantidade abonada polo concello no campo de traballo en concepto de comidas e alimentos, o Sr. Vázquez Martínez di que se abonaron 4376,92 €. O presupostado eran 5.500 €. Abonouse o almorzo, xantar e cea dos quince participantes e dos cinco monitores durante doce días. A maiores están os gastos do día que xantaron alí os participantes da Escola de Verán e os participantes do campo de traballo de Boqueixón, que viñeron xantar aquí un día e outro foron os de Vedra a Boqueixón.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre a titularidade dun tramo antiga N-525, a Presidencia contesta que é do concello.

-- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a externalización da xestión do punto limpo municipal, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez.

Este expón respecto ao contrato con Coregal que a xestión do punto limpo custáballe ao concello uns 15.000 € anuais. O anterior contrato de camiión para lavar os colectores de lixo, que se deixou de ingresar, era de 7.000 €. O camiión ten doce anos e a empresa non estaba disposta a seguir con ese contrato. Polo tanto hai unha diferenza de 8.000 € que se aforran. Todos saben o problema que supoñía o punto limpo a nivel de carga de traballo adxunto, xestión de persoal, autorizacións, inspeccións, roubos, etcétera. Todos os anos hai que facer a declaración anual de residuos, que case todos os concellos fan a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



través dunha xestión medio ambiental pola complicación que leva ese trámite e polo que hai que pagar por facer esa xestión.

En contraprestación polo camión lava colectores, Coregal asume os gastos de persoal, mantemento do recinto, de portes e tratamento de residuos que ocasiona o punto limpo. Eses 15.000 € dos que se falaba antes. A maiores comprométese a realizar a recollida dos colectores de plásticos (colector amarelo), algo que xa viña facendo a outra empresa, e a facer catro lavados anuais dos colectores sen custe. No anterior contrato eran dous anuais.

A contraprestación para o concello é beneficiosa. O servizo aos usuarios é o mesmo, e incluso pode que se amplíe o tempo de apertura, co cal melloraría o servizo.

En canto á externalización do servizo, o único que se fixo foi destinar a un traballador municipal que cubría as horas do punto limpo os martes e sábados á brigada verde municipal. Polo tanto recupéranse horas de traballo dun traballador municipal para dita brigada. Esas horas cóbreas un traballador de Coregal, pero nada máis. O resto dos servizos de retirada de residuos xa se facía con empresas especializadas externas.

Respecto á pregunta de se custan 7.000 € catro lavados de colectores responde que si, e que custan máis.

Respecto da pregunta de se cren sensato que se termine beneficiando a unha empresa privada, o Sr. Vázquez Martínez manifesta que cada día son máis os concellos que xestionan o punto limpo a través de empresas especializadas, e de todas as cores políticas. Na comarca de Santiago, en Teo, onde non goberna o PP, xestiónao Coregal. En Arzúa o mesmo. En Santiago Urbaser. En Ames outro tanto do mesmo. O concello de Boqueixón está en tramite para facelo a través de empresas especializadas.

No caso de Vedra, ademais a empresa ten un fin social, que é a integración de persoas con minusvalía. Contratou para o punto limpo unha persoa deste concello que xa traballara con eles puntualmente. Cre que sería sensato recoñecer que é unha boa xestión asinar con Coregal este contrato de contraprestación de servizos, que ten unha duración dun ano e é unha pena que non sexan máis.

-- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre cal é o motivo de que o Secretario Municipal e o Alcalde insistan en humillar á oposición solicitando unha motivación detallada, para recibir unha copia dun convenio de carácter público, que debería estar colgado no portal de transparencia municipal a Presidencia responde que pretenden ir de vítimas e por aí non vai pasar. Di que o equipo de goberno son os mesmos con maioría absoluta ou sen ela, que teñen a mesma forma de actuar, que será mellorable, pero que faga o que faga o goberno, o BNG-AA seguirá dicindo o mesmo. Tamén que lles vai ser difícil atopar un concello onde se trate mellor á oposición ca este e non é certo que houbera un cambio en materia de transparencia municipal dende que acadaran a maioría absoluta.

Respecto ao acceso á documentación municipal, con independencia do portal de transparencia, do que falará despois o Sr. Secretario; a Presidencia manifesta que non é tan esaxerado como o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di. Só se pide unha mínima xustificación, son criterios establecidos dende hai moito tempo pola secretaría do concello e que lle parecen correctos e apoia. Relacionado con iso son as preguntas dúas e tres.

Toma a palabra o Sr. Secretario que di que el o único que fai é tratar, da mellor maneira posible, exercer as súas funcións. Que el non redactou o ROF nin fai sentenzas. Cre que dicir que humilla á oposición lle parece esaxerado. El si se sente humillado cando en determinadas páxinas, por exercer o seu labor, é descualificado por indocumentados.



Di que esta conversa xa a mantiveron por teléfono e na que lle deu explicacións por activa e por pasiva, pero comproba que tivo pouca capacidade de convencemento.

De seguido dá lectura a varios artigos do ROF e sentenzas respecto á cuestión que están tratando.

Cre que hai que diferenciar o fondo coa forma. O tema de fondo é o acceso á información. A forma é o instrumento que se emprega para iso. Entende que a información que se dá neste concello, en canto ao acceso, é totalmente correcta.

Indica que pedir que se motive minimamente a petición de fotocopia é un procedemento normal, e que en ningún momento se rexeitou esa cuestión ou se dixo que non se fose a dar. O concelleiro que a solicita pensa no seu dereito, e os que teñen que dar esa información teñen que pensar nese concelleiro e no resto da corporación, en canto que teñen os mesmos dereitos e hai que regular iso para evitar situacións desagradables.

En canto á pregunta sobre o portal de transparencia, o Sr. Secretario di que a información publicada no portal do concello de Vedra agrúpase en tres bloques: institucional, organizativa e de planificación; información de relevancia xurídica e información económica orzamentaria e estatística.

A maior parte da información do citado portal obtense mediante a conexión coa páxina web do concello, como é o caso de contratos que conecta directamente co perfil do contratante no que figuran os distintos procedementos de contratación cos seus correspondentes pregos, anuncios, mesas de contratación, adxudicacións e formalización de contratos, e mesmo co BOP no caso de ordenanzas fiscais.

Sen embargo outra información de tipo económico, como é o informe do período medio de pago a provedores, que se dá conta trimestralmente neste pleno, ou o custe de servizos públicos que o concello ten que enviar ao Ministerio de Administracións Públicas non sae publicado no portal. O portal de transparencia xestiónao a Deputación Provincial, polo que hai que enviarlle esa información para que a publiquen.

Nestes momentos estase en contacto do Deputación para revisar tanto o portal de transparencia como a sede electrónica e establecer os medios e forma para o envío da información que se queira publicar. O concello está integrado no TEDEC, que é o novo SIGEN, en onde de momento só hai trece concellos; e mañá entra en funcionamento o SIR (Sistema de intercambio de rexistro) aquí en Vedra. Os contratos menores e convenios publicaranse trimestralmente igual cá Deputación. Estase facendo un gran esforzo por parte dos funcionarios para adaptar todo e na provincia de A Coruña estamos ente os trece primeiros concellos neste aspecto.

-- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a insignia que se colocou no pavillón, a Presidencia mostra a súa sorpresa. Di que hai dúas razóns. Unha de complexidade, porque ao colocar o escudo, pola cantidade de detalles que ten, logo se ía levantar; e outra por razóns estéticas, xa que queda mellor o logo do concello có escudo. A única dúbida que tiñan era que o logo ten a ponte de cor branca e o fondo verde. Non sabían se o fondo verde ía quedar ben ou mal polo que se decidiu facer a parte branca nada máis. Unha vez feito, danse conta de que queda mellor co fondo verde, que é o que se fará probablemente no mes no que paren as actividades.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre o Entroido e o canal de youtube a Presidencia di que non son preguntas senón opinións.

-- Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o informe xurídico sobre a urbanización Miradoiro de Sales, a Presidencia indica que o informe non está feito, pero que se fixeron moitas cousas dende ese momento. O expediente de reposición da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



legalidade para ordenar a demolición está iniciado e notificado. Como xa sabían que non reciben notificacións, fíxose tamén unha notificación edictal, par que teña validez legal como notificación. Tamén se mandou xa ao rexistro da propiedade para escribir unha nota marxinal esta reposición da legalidade para ordenar a demolición e agora urxe presentar o informe porque veñen cuestións máis complexas e tan pronto como teñan o informe serán avisados para que poidan consultalo.

-- Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o acceso ao convenio asinado con ADIF na Estación de Santa Cruz, a Presidencia di que non hai problema ningún.

-- Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o abastecemento e saneamento en San Xián, a Presidencia afirma que a intención que ten é a de seguir estendendo o abastecemento alí onde haxa demanda real. Iso é o que vai marcar a prioridade. Respecto ao saneamento di que aqueles sitios onde haxa unha depuradora en funcionamento serán prioritarios, como é o caso de San Xián e compaxinado con outros lugares como é a parroquia de Vedra, na que esperan comezar o máis pronto posible.

-- Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre os vultos na pista do pavillón, a Presidencia di que xa se fixeron as reparacións oportunas e sen custe algún para o concello.

-- Ao rogo do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre a limpeza das cunetas en San Fins, a Presidencia afirma que tomaron nota do mesmo.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre obras na beira da estrada N-525 na Gándara, a Presidencia responde que non foron tantas horas como di. Si é certo que Fomento non fixo nada alí nin quería facelo e daba unha mala imaxe. Pedíuse autorización para poder actuar e o mantemento é mínimo e non afecta en tempo, persoal e material á limpeza de cunetas do resto do concello.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre as obras na explanada da estación en Santa Cruz, á Presidencia non lle consta incidencia algunha respecto do control de calidade da obra, logo de preguntarlle aos técnicos.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre o convenio coa Fundación de Amigos do Ferrocarril para traer un vagón para a estación de Santa Cruz, a Presidencia di que pretenden habilitar un espazo de “Coworking” e que sexa acorde aos usos previstos no acordo con Adif en relación aos usos en xeral da estación. É un proxecto que queren ter operativo en outubro/novembro deste ano, onde se solicitou unha subvención a través do GDR, que dado o tipo de obra que se pretende realizar e o destino, tería unha subvención dun noventa por cento no caso de aprobarse, co cal o custe para o concello sería mínimo; e dentro deses custes subvencionados está o custe do traslado, sobre uns 6.000 €. O custe en si mesmota redacción do proxecto non sería subvencionable.

-- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre os datos de información do sistema de usuarios e servizos, a Presidencia di que en vindeiras datas daralle resposta.

-- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre o polígono, a Presidencia respóndelle que queda para o seguinte pleno.

-- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a baixa do concello de Lalín de Área de Santiago, a Presidencia di que é unha noticia que non fai referencia a Vedra nin ao concello, polo que considera que é surrealista. Di que ten dúas vías para obter esa información; preguntarlle directamente aos seus compañeiros de Lalín ou preguntarlle aos de Santiago que son os que ostentan a presidencia. Descoñecen totalmente cal é a



situación de Lalín. Si cren no proxecto Área de Santiago, do que foron uns dos impulsores, no que se agrupan concellos de todas as formacións políticas e cre que é beneficioso para Vedra.

5.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1.- Respecto ao apagado dun farol en San Miguel, faise o mesmo en todas as vivendas onde non están empadroados?

Solicita que prendan un farol na casa cultural en San Xián a petición dos usuarios da mesma, concretamente o que está ao lado do colector.

2.- Que pasou coa negociación con Correos? A Presidencia di que Correos ten a súa postura e os concellos a súa. Nas próximas semanas vólvense reunir sen pechar portas ningunhas e que é mellor falalo cando haxa algún avance nas conversas.

3.- Nas últimas Xuntas de Goberno aprobáronse facturas con cargo ao obradoiro de emprego Vedra-Boqueixón. A canto ascende a cantidade investida? A canto ascendeu a subvención?

4.- Hai unha factura de mantemento nos campos de fútbol de Santa Cruz e San Mamede. En que consistiu ese mantemento? É suficiente? Solicitan o cambio da herba artificial empezando polo de San Mamede porque é o que está máis deteriorado. Canto se investiu e n cada campo?

5.- Respecto á nave de Trobe, faltan persianas, portas, etcétera. Roga que non se tarde en darlle unha solución.

6.- Roga que se limpe un camiño en San Xián, pola parte de abaixo de Calvelo, que ten unha viña tirada encima e non se dá pasado.

7.- En Quintáns hai un camiño deses tradicionais e solicita que se inclúa no catálogo de camiños.

8.- Respecto das prazas que non deixan cubrir os Presupostos Xerais do Estado, cre que iso é amortizar unha praza. Ten as súas dúbidas se a lei os obriga a iso.

-- O Sr Lago Lestón do PSdG-PSOE fai os seguintes rogos:

1.- Hai varios carteis indicativos no concello que están bastante deteriorados e mesmo algún en mal estado. Aproveitando a nova campaña turística do concello era preciso restituír os que estean en mal estado.

2.- Na Festa do viño da Ulla, na visita á mostra do proxecto “Vedra medra” había recollida información sobre a toponimia de Vedra e roga ao concello que se faga un folleto informativo para os veciños e que se envíe ás casas. A Presidencia contesta que xa está feito o folleto.

-- O Sr Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

1.- Que teñen pensado facer no entorno do pavillón e colexio? O outro día, mentres adestraban os rapaces do Club Olímpico de Vedra, case atropelan unha rapaza no paso de peóns. Piden alternativas para que os pasos de peóns da zona de Vedra e outros do concello sexan máis seguros, coa súa elevación ou algún outro tipo de sistema.

2.- A Presidencia dixo que na Casa da Terceira Idade van sacar unhas listas. Como estaba antes este tema?. Esa persoa estaba contratada polo concello? En caso de substitución, dunha baixa por enfermidade, quen se metía alí?

3.- Cal é o problema para que saian eses vultos na pista do pavillón? Poden volver a aparecer?

-- O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA pregunta:



1.- Despois das explicacións dadas referentes ao contrato de privatización do punto limpo parece estraño que fora un contrato tan oculto e unha operación e xestión tan boa non a difundiran por aí. Quédalle claro que a empresa vén aquí a perder cartos e a regalarlle diñeiro ao concello.

2.- Respecto ao mantemento da mediana da Susana, non sabe a carga de traballo que se investirá alí, pero é patente o mal estado das cunetas neste momento nas vías municipais. Nas pistas estreitas é un perigo para a xente que circula por elas a pé ou en bicicleta porque non se fai un mantemento axeitado que dea unhas condicións de seguridade mínimas.

3.- O pagamento dos terreos da ampliación da estrada en Sarandón están sen facer, salvo casos puntuais. Vai haber unha dotación orzamentaria para facelos no dous mil dezasete?

4.- Nestes días saíu nos medios de comunicación o anuncio do Sr. Feijoo sobre as baixas de impostos e taxas nos concellos. Que impostos e taxas municipais ten previsto rebaixar en Vedra para este ano?

5.- Saíu na prensa unha noticia relativa ao dispositivo do concello para a loita contra a avespa velutina. Cal é o orzamento destinado? Quen participa nese orzamento? É todo municipal ou participan outras administracións con subvencións, convenios? Quen prové e paga as trampas? Como e con que se establecen os criterios de distribución das trampas? Que persoal está levando a cabo eses traballos?

6.- Respecto ao tema da transparencia municipal, cre que cheira mal o goberno cando ten que dedicar medio pleno a xustificar o ocultismo e as voltas que dá para facilitar a información que lle solicitan os concelleiros. En concreto, sobre o asunto do tratamento dos residuos das foxas sépticas leva máis dun ano pedindo documentación ao respecto, e decidiu levalo a unha comisión informativa na que non aportou nada novo.

Tamén leva tempo pedindo ver a documentación do SIUX relativo a Servizos Sociais e solicitoulle que lle dera conta de tres resolucións, respondendo que iso era asunto do Sr. Secretario. Vai dar conta desas resolucións en pleno ou comisión? Vai facilitar a documentación? Vai contestar por escrito?

A Presidencia contesta que as resolucións xa están preparadas.

7.- Solicitei unha información que afecta a cinco dos seus concelleiros o vinte de febreiro, o trinta de marzo e o tres de abril. Contéstame o doce de abril cun escrito do Sr. Secretario que di: “En relación ao escrito 377 sobre retribucións comunícolle que foron trasladados á Alcaldía para que ordene o que proceda, pois ademais de ser o órgano ao que se lle debe dirixir os escritos, dado o contidos dos mesmos, deberá ser a Alcaldía quen tome as decisións pertinentes” Isto é claro, transparente e áxil.

A Presidencia contesta que os dous concelleiros que teñen retribucións non cobran eses conceptos.

8.- Relativo a unhas actuacións que se están facendo e que se fixeron no ámbito no plan especial de infraestruturas e dotacións de Xián, isto é a nave municipal, a parcela da nave e todo o entorno que está incluído dentro dese plan especial, aprobado no 2009 e no que se fixeron unhas actuacións nas que se cortou a oito unha carballeira con carballos centenarios cun alto valor ambiental e ecolóxico. O plan di que “este pretende ser a base para a recuperación forestal da parcela, xa que hai que intentar darlle continuidade ás zonas destinadas a xardíns e paseos”. O plan especial establece como actuacións principais a recuperación parcial da masa plantando máis carballos e outras especies autóctonas.

Hai uns meses cortouse todo a oito. A actuación vai en dirección contraria ao plan especial, polo que a carballeira e a perda patrimonial son irrecuperables.



Explique como é posible que nunha parcela pegada á nave do concello se faga unha corta desa magnitude e o Alcalde non faga nada ao respecto para parala.

Explique porque se fai unha actuación irreversible e contraria ao planeamento, e o Alcalde se ausente deste asunto.

Explique que actuacións está levando a cabo o concello ante este feito. Esta o concello presente no procedemento penal que se iniciou pola denuncia á Garda Civil por parte dun particular? Ten previsto o concello iniciar algunha acción dende o punto de vista sancionador como patrimonial? As árbores son irrecuperables, pro o concello terá que propoñer o restablecemento do valor patrimonial. Se é necesario terá que modificar o plan e que se impute a este plan a patrimonialización da carballeira.

9.- Tal e como lle prometeu onte na comisión, o Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA vaille facilitar os datos do tratamento dos residuos das foxas sépticas. Hai edificios de titularidade municipal que teñen foxas ou depuradoras, que segundo manifestou na comisión de onte, non entran dentro do contrato de Viaqua. Sen embargo di que son xestionadas por Viaqua. Manifesta que as actuacións que se realizan nesas foxas sépticas e que nalgún caso necesitan un tratamento especial, se fan coa supervisión de Viaqua.

Ten datos que mostran que Viaqua non actúa nesas foxas e sospeita que están a incumprir a normativa en materia de lodos.

Os datos referidos ao 2015 son os seguintes:

O dez de xaneiro fíxose un baleirado da foxa de Tomonde, que non fixo Viaqua.

O dous de febreiro fíxose un baleirado da foxa de Tomonde, que non fixo Viaqua.

O cinco de febreiro fíxose un baleirado da foxa de San Fins, que non fixo Viaqua.

O vinte oito de febreiro fíxose un baleirado da foxa do concello, que non fixo Viaqua.

A Presidencia contéstalle dicindo que xa na comisión lle dixo que os baleirados de Tomonde non os facía Viaqua.

O Sr. Castro Rocamonde manifesta que na acta da comisión di: "Dáse conta pola Presidencia das actuacións realizadas ao efecto en varias infraestruturas municipais con foxas sépticas, e que nalgún caso precisan tratamentos especiais, faise coa supervisión de Viaqua". O que se discute é o tratamento que se lle fai aos lodos e sospeita que está a incumprir a normativa nesa materia.

-- O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA quere facer unhas aclaracións.

Dille ao Sr. Secretario que o ROF permite todo. Permite converter o concello nunha e tiranía e permite un concello aberto; de feito non incumpren ningunha lexislación. O importante da pregunta formulada no pleno anterior é que debería estar colgado no portal de transparencia municipal e non o estaba; e solicitounos un proceso para acceder a esa información, que considera humillante.

Esta situación prodúcese a raíz da solicitude hai dous anos dun informe sobre o muro de San Xián, e doutro que el mesmo lle entregou. Durante cinco anos houbo acceso sen ningún tipo de traba a calquera información, e xusto despois diso hai que xustificar o acceso á información.

Polo tanto, solicita ao Sr. Alcalde un decreto que lles permita acceder á información municipal da mesma maneira que viñan accedendo antes de que entregara o informe sobre o muro de San Xián.

O Sr. Secretario replica que nin o Alcalde quere negar documentación, nin el está nesa liña, porque a el resúltalle máis fácil darlle a documentación que estar discutindo no pleno.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Non estando esa información no portal de transparencia, o único que se lle pediu é unha mínima motivación de por que quere esa documentación. Trátase de darlle un mínimo procedemento a un dereito que hai que regular e non é totalmente aberto.

1.- Respecto ao punto limpo di que cando o xestionaba o concello, había familias que podían entrar alí e recuperar e reciclar eles. Con esta empresa non se vai poder facer. Solicita que se regule un mecanismo que permita recuperar esas funcións de recuperación e reciclaxe por parte dos veciños.

2.- Considera razoable que consulte ao concello de Santiago e Lalín a posibilidade de que existan cartos sen xustificar dunha organización intermunicipal á que pertence o concello de Vedra?

3.- Pregunta ao Sr. Secretario se existe algunha posibilidade de que a xustiza anule o concurso público para a contratación dunha empresa para a prestación do SAF por defecto de forma? De ser así, de quen sería a responsabilidade?

O Sr. Secretario contesta que se quedaría moi sorprendido se houberse algún efecto de suspensión sobre o procedemento que se está levando a cabo. Non atopa ningún motivo nin económico nin de procedemento.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que algún motivo hai. Que se publique a constitución da mesa a unha hora e se faga coas empresas cinco horas antes, non é normal.

O Sr. Secretario di que foi un erro de traslado do documento. Entende que a legalidade dunha mesa non a dá un representante sindical, senón que lla dá os compoñentes da mesa e o secretario.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA dá por contestada a pregunta.

4.- Recentemente coñeceuse a sentenza na que o xornal El Correo Gallego perde unha demanda contra o alcalde de Santiago, a conta dunhas declaracións públicas en relación a que o alcalde di que Compostela non podía contratar publicidade a dito xornal por mor da débeda que tiña contraída coa Seguridade Social.

Cre recordar que o concello de Vedra ten un contrato similar. Solicita o cese inmediato dos pagos de publicidade ao xornal, porque se está a cometer unha ilegalidade; a anulación do contrato vixente posto que incumpre a legalidade. Unha administración pública non pode contratar cunha entidade que teña débedas coa Seguridade Social.

5.- Ten o concello previsto ceder a entrada do arquivo histórico de Vedra para usos da Igrexa? Recórdolles que hai unha limitación temporal para o seu uso que está aínda vixente.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.